

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026455	IES Terra de Trasancos	Narón	2023/2024

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	3
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	4
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	5
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	5
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	5
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	5
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	6
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	7
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	7
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	11
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	13
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	14
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	14
o) Outros apartados	14

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

O noso centro é relativamente pequeno. Cremos na tolerancia, no traballo cooperativo e fomentamos a igualdade entre mulleres e homes así como o uso da lingua galega nas diferentes actividades que realizamos no centro.

A nosa liña educativa está encamiñada a erradicar calquera tipo de discriminación por razón de sexo, polo que se dará prioridade e se fomentarán cantas accións estean encamiñadas á dita erradicación.

A educación que impartimos é respectuosa coas conviccións relixiosas, morais e ideolóxicas do alumnado e coas diferenzas culturais do mesmo, non adoutrinando ao alumnado, rexeitando todo tipo de dogmatismo e sendo respectuoso coa liberdade de opinión de todos os membros da comunidade educativa.

No centro manifestamos o respecto polo uso das dúas linguas oficiais en Galicia, dándolle prioridade ao galego na vida administrativa, nas relacións coa comunidade e no labor académico, a partir das pautas fixadas pola administración educativa, como medio máis eficaz de lograr a igualdade real entre as dúas linguas, e de contribuír dese xeito á súa normalización.

Asemade, o centro cumpre a normativa vixente en cada momento

O noso Proxecto Educativo é un proxecto flexible, participativo e en continua e permanente mellora. Ademais, buscamos a implicación directa do profesorado, alumnado e familias nas tarefas de programación, execución e control da actividade escolar. Para levar isto a cabo as canles de comunicación deberán estar sempre abertas polo que buscaremos a integración do Concello participando nas actividades que nos propoñen e colaborando cos distintos organismos do mesmo.

Elaboraremos as nosas propostas pedagóxicas para cada etapa dende a consideración da atención á diversidade e do acceso de todo o alumnado á educación común. Así mesmo, arbitrarán métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan a aprendizaxe en equipo.

A metodoloxía didáctica de cada etapa será especialmente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

Procurarase o traballo en equipo do profesorado ao obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo

docente de cada grupo. No proxecto educativo e nas programacións didácticas fixaranse as estratexias que desenvolverá o profesorado para alcanzar os estándares de aprendizaxe avaliábeis previstos en cada materia e, no seu caso, en cada ámbito, así como a adquisición das competencias. A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado,

entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as os/as alumnos/as e unha atención personalizada en función das necesidades de cada persoa. Os mecanismos de reforzo, que se deberán poñer en práctica axiña que como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares.

Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

Todos os Departamentos Didácticos do centro contribuirán á adquisición das competencias sinalando nas súas correspondentes Programacións as accións que van facer que as alcancen.

Os Xefes de Departamento velarán pola súa correcta contribución.

En cada materia, os contidos agrúpanse en bloques, o que non supón unha secuencia nin implica unha organización pechada; pola contra, permite organizar de diferentes formas os elementos curriculares e adoptar a metodoloxía máis adecuada ás características das aprendizaxes e do grupo de alumnos e alumnas a quen van dirixidos.

As competencias clave están ligadas a un desempeño eficaz nun contexto determinado. As situacións de aprendizaxe deseñadas para o seu desenvolvemento deberán incorporar tarefas que

contextualicen as aprendizaxes e que permitan avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. O enfoque metodolóxico deberá sustentarse nas referidas situacións de aprendizaxe, coa finalidade de que os contidos se

convertan en coñecementos aplicables con eficacia. Neste deseño é responsabilidade do centro docente e do profesorado a adecuada selección da metodoloxía, que deberá ser variada e adecuada ás características e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas.

As actividades de aprendizaxe integradas poden incluír elementos curriculares procedentes de distintos bloques. Á súa vez, estes elementos poderán formar parte de diferentes actividades e, co obxecto de mellorar os resultados, esas actividades poderán ter carácter interdisciplinar.

O feito de tratar simultaneamente, nunha mesma actividade, contidos de bloques distintos e, mesmo, de materias diferentes, halle permitir ao profesorado determinar a conveniencia de avaliar a totalidade ou só unha parte das competencias clave relacionadas con cada estándar de aprendizaxe. Corresponderalle ao centro docente velar por un tratamento equilibrado das competencias clave nas programacións didácticas.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Segundo o artigo 4 do DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, os elementos transversais son os seguintes:

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

2. A consellería con competencias en materia de educación fomentará o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

A programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

3. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

4. No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

Segundo estas premisas todos os departamentos didácticos do IES Terra de Trasancos traballarán, desde as distintas áreas de aprendizaxe, diferentes temas transversais ligados ao Plan de Acción tutorial.

Tamén traballaranse dende:

- Club de Lectura
- Contratos-programa Innova e Inclue-t
- Plan proxecta .Fotografía en curso.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

A metodoloxía será activa e participativa xa que entendemos a aprendizaxe como un proceso persoal e de interacción social que os alumnos e alumnas constrúen en función das relacións comunicativas que se organizan no contexto do centro e aula. Neste contexto fomentárase a creación dun clima e ambiente que permita relacións informativas e formativas que xeren, en definitiva, un contexto estimulante cara á aprendizaxe e a cultura mediante a creación de vínculos positivos. En concreto, unha metodoloxía baseada na integración do alumnado no seu propio proceso de aprendizaxe. En consecuencia, favorecerase a participación do alumnado na dinámica xeral da clase, procurando a implantación de actividades que fomenten o traballo en grupo e propicien o deseño e desenvolvemento do proceso de ensino/aprendizaxe.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Os materias e recursos didácticos serán establecidos por cada Departamento destacando a utilización das novas tecnoloxías. Ademais utilizarase a Aula Virtual como medio de comunicación entre o alumnado e o profesorado e para ver e facer as tarefas.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade serán establecidos pola CCP e o Claustro de profesores O Equipo Directivo elaborará os documentos relativos á oferta de materias optativas, ensinanzas, itinerarios e proxectos ofertados polos Departamentos Didácticos.

Os criterios para asignar optativas, materias de modalidade e itinerarios terán en conta en todo momento a normativa vixente en canto á configuración, materias obrigatorias a ofertar, atención á diversidade, número mínimo de alumnos...

Para coñecer as necesidades formativas do alumnado o Departamento de Orientación facilitaralles unha enquisa de forma que os itinerarios sexan o máis axeitados posibles ás súas necesidades formativas

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

O Equipo Directivo facilitará ao/á Vicedirector/a aqueles recursos humanos e materiais, que estean á súa disposición, para a realización de actividades.

O profesorado con horas complementarias de Dinamización colaborará nas actividades organizadas cando lle sexa solicitado polo/a Vicedirector/a e en coordinación coa Dirección e Xefatura de Estudos

Criterios para a realización de actividades complementarias e extraescolares organizadas polo profesorado ou por un departamento:

Considéranse complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así cabe considerar as visitas, traballo de campo, viaxes de estudo, conmemoracións e outras semellantes.

Considéranse actividades extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro, entidades sen ánimo de lucro, asociacións culturais etc, se realizan fóra do horario lectivo. En ningún caso, o contido destas actividades pode ser igual ou similar ao dunha ensinanza oficial do currículo.

Para o desenvolvemento das actividades extraescolares que se realicen fóra da localidade onde está situado o centro, deberase contar cos seguintes requisitos:

1. Aprobación do Consello Escolar.

2. Autorización escrita do propio alumno/a maior de idade ou dos pais/nais ou titores legais do alumno/a menor de idade.
3. Os alumnos e alumnas serán acompañados polo profesorado correspondente na proporción dun profesor ou profesora por cada vinte alumnos. En calquera caso, o número mínimo de profesores e profesoras acompañantes será de dous.
4. O departamento ou profesor/a responsable de organizar a actividade será o encargado de buscar o profesorado acompañante. En todo caso, salvo causa extraordinaria, un dos acompañantes, polo menos, será dese departamento.
5. Os distintos departamentos procurarán organizar actividades conxuntas, sempre que sexa posible, para reducir custos. Tamén se poderá colaborar con outros centros para reducir custos.
6. As axudas económicas do profesorado que acompaña ao alumnado adaptaranse á normativa vixente (Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón de servizo ao persoal con destino na Administración Autonómica de Galicia).
7. A organización e coordinación da excursión de fin de estudos (4º de ESO) é responsabilidade da Vicedirección .

As actividades programadas e aprobadas con tempo suficiente, estarán expostas na sala do profesorado por trimestres.

O profesorado, cando organice unha actividade, informará en Vicedirección do día e horas de saída e chegada e Vicedirección encargarse de avisar ao profesorado afectado, por correo electrónico e expoñendo a actividade no taboleiro da Sala de Profesores.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

Ao inicio de curso Xefatura de Estudos comunicará aos Xefes dos Departamentos Didácticos a relación de alumnado con materias do seu departamento sen superar. Os Xefes de Departamentos farán chegar aos profesores que imparten a/s materia/s que o alumno/a ten pendente de superar a relación de alumnado coa materia pendente.

O profesorado que imparte a materia obxecto de recuperación elaborará, baixo as directrices do departamento didáctico, un Plan de Reforzo individualizado que terá como referente os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias.

O Plan de Reforzo incluirá cando menos os seguintes apartados:

- a. Identificación do alumno/a.
- b. Información relevante sobre a materia/s sen superar.
- c. Currículo a desenvolver, especificando os criterios de avaliación.
- d. Estratexias metodolóxicas.
- e. Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f. Tarefas a realizar e temporalización das mesmas
- g. Seguimento e avaliación
- h. Acreditación da información á familia

O titor/a recopilará os Plans de Reforzo dos seus titorandos e encargarse de facer chegar ás familias o contido dos mesmos tras a Xunta de Avaliación Inicial.

En cada sesión de avaliación celebrada ao longo do curso farase un seguimento dos Plans de Reforzo de cada alumno/a e realizaranse os axustes que procedan que quedarán reflectidos na documentación do correspondentede departamento didáctico e nas actas da xunta de avaliación.

Na sesión de avaliación final decidirse sobre a avaliación de materias pendentes de cada alumno/a. Para superar a materia pendente, o alumno/a deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

Na sesión de avaliación ordinaria onde se tome a decisión de que o alumno permaneza un ano máis no mesmo curso o equipo docente, coordinado polo titor/a, elaborará un informe onde se especifiquen os seguintes aspectos:

Datos de identificación do alumno/a.

Relación de necesidades educativas que motivan a repetición de curso.

Medidas ordinarias de atención á diversidade aplicadas.

Oferta de medidas extraordinarias de atención á diversidade, se fose o caso.

Estes informes serán custodiados por Xefatura de Estudos e servirán de referente para elaborar ao inicio do curso seguinte o Plan Específico Personalizado para alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso.

No caso dos ciclos formativos, a través do equipo docente, desenvolverá o currículo mediante a elaboración das programacións didácticas, prestando especial atención a determinar e planificar as actividades de reforzo e mellora que lle permitan ao alumnado superar os módulos profesionais pendentes.

Alumnado que permanece un ano mais no mesmo curso.

Ao inicio de curso o equipo docente coordinado polo titor/a, tomando como referente a información do equipo docente do curso anterior elaborará o Plan Específico Personalizado para alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso, que se desenvolverá ao longo de todo o curso.

Este plan incluirá alomenos os seguintes apartados:

- a. Identificación do alumno/a.
- b. Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición de curso.
- c. Medidas ordinarias de atención á diversidade aplicadas o curso anterior.
- d. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e. Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f. Oferta de medidas extraordinarias, de ser o caso.
- g. Acreditación da información á familia.

Tras a Xunta de Avaliación Inicial o titor/a fará chegar á familia a información do Plan Individualizado proposto para o seu fillo/a

APROBADO POLO CLAUSTRO A 7 DE ABRIL DO 2022. REVISADO POLA CCP NO CURSO 2022-23 E 2023-24 E APROBADO EN CLAUSTRO

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

Alumnado que permanece un ano mais no mesmo curso.

Ao inicio de curso o equipo docente coordinado polo titor/a, tomando como referente a información do equipo docente do curso anterior elaborará o Plan Específico Personalizado para alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso, que se desenvolverá ao longo de todo o curso.

Este plan incluirá alomenos os seguintes apartados:

- a. Identificación do alumno/a.
- b. Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición de curso.
- c. Medidas ordinarias de atención á diversidade aplicadas o curso anterior.
- d. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e. Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f. Oferta de medidas extraordinarias, de ser o caso.
- g. Acreditación da información á familia.

Tras a Xunta de Avaliación Inicial o titor/a fará chegar á familia a información do Plan Individualizado proposto para o seu fillo/a

REVISADO POLA CCP E APROBADO POLO CLAUSTRO DO IES TERRA DE TRASANCOS O DÍA 17 DE outubro DO 2023

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

Segundo o que aparece recollido na ORDE do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, o profesorado do IES Terra de Trasancos, desenvolverá a seguinte concreción curricular para o ano académico 2021-22.

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da

alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso

da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
- c) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- d) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

CONCRECIÓNS DO CENTRO:

1. Considerarase que a natureza das materias non superadas permitirá á alumna ou alumno continuar con éxito o curso seguinte, cando teña avaliación positiva en todas as competencias clave (modelo para cubrir)
2. A orientadora informará na avaliación dos condicionantes a valorar de cara á promoción.
3. Por último, teranse en conta outros aspectos particulares a considerar polo equipo docente na sesión de avaliación Criterios de promoción en ESO

¿ Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

¿ Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
- c) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

d) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

-O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

A partir do curso 2022-23, seguirase o establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo

curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado. 42

En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Criterios de promoción no bacharelato

¿Ao finalizar o primeiro curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente de cada alumna ou alumno adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso.

As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.

Para os efectos deste punto, só se computarán as materias que como mínimo a alumna ou o alumno deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que as alumnas e os alumnos poidan cursar máis materias do devandito bloque.

O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso. Os centros educativos organizarán as consecuentes actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.

As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumplan as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.

A superación das materias de segundo curso que se indican no anexo VI do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso indicadas no devandito anexo, por implicar continuidade.

Non obstante, o alumnado poderá matricularse de materias troncais de opción ou específicas de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que a alumna ou o alumno reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo. En caso contrario, deberá cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións en que acadou a promoción a segundo.

As alumnas e os alumnos que ao termo do segundo curso tivesen avaliación negativa nalgunhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas ou poderán optar, así mesmo, por repetir o curso completo.

Neste último caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno tivera superado previamente.

43

Criterios de promoción en Ciclos Formativos

O alumnado poderá formalizar a matrícula no segundo curso cando teña superados todos os módulos do primeiro curso ou se a suma da duración do módulo ou dos módulos pendentes non supera as 300 horas.

En todo caso, cando un alumno ou unha alumna non logren a promoción deberán repetir os módulos profesionais non superados, para o cal deberán formalizar a matrícula no mesmo curso e se incorporarán ao grupo de alumnado correspondente.

O alumnado que, logo da repetición de primeiro curso no mesmo centro, non obtiver avaliación positiva para a promoción ao segundo curso ou que, despois da repetición do segundo curso no mesmo centro, non conseguise titularse por ter módulos pendentes de primeiro e/ou de segundo, poderá completar os módulos profesionais non superados e, así, concluír os seus estudos solicitando a admisión noutro centro. Non obstante, poderase formalizar unha terceira ou unha cuarta matrícula do mesmo curso no mesmo centro, sempre que existan prazas dispoñibles e non haxa listaxe de espera.

Para a realización do módulo de Formación en Centros de Traballo, é necesaria a avaliación positiva en todos os restantes módulos profesionais que compoñen o ciclo formativo.

O alumnado de 2º curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter módulos pendentes de 1º e/ou 2º curso poderá recuperalos neste mesmo período. Para este fin, o equipo docente asignarlle unha serie de actividades de recuperación para os módulos non superados, con indicación expresa da data final en que serán avaliados.

Se o/a alumno/a non superou positivamente o módulo abandonará a empresa sen poder realizar a FCT ata que teña superado o citado módulo.

Crterios de promoción na FP básica

O alumnado matriculado nun centro terá dereito a un máximo de dúas convocatorias anuais n cada un dos catro anos en que pode estar a cursar estas ensinanzas para superar os módulos en que estea matriculado, excepto o módulo de formación en centros de traballo, que poderá ser obxecto de avaliación unicamente en dúas convocatorias.

Os alumnos e as alumnas, sen superaren o prazo máximo establecido de permanencia, poderán repetir cada curso unha soa vez como máximo, aínda que, excepcionalmente, poderán repetir un dos cursos unha segunda vez, logo do informe favorable do equipo docente.

O alumno ou a alumna poderá obter a promoción a segundo curso cando os módulos profesionais asociados a unidades de competencia pendentes non superen o 20% do horario semanal e superase o Módulo de Comunicación e Sociedade I ou o Módulo de Ciencias Aplicadas I (Decreto 107/2014 de 4 de setembro); con todo, deberá matricularse dos módulos profesionais pendentes de primeiro curso. Os centros docentes deberán organizar as consecuentes actividades de recuperación e avaliación dos módulos profesionais pendentes.

O módulo de formación en centros de traballo, con independencia do momento en que se realice, avaliarase logo de alcanzada a avaliación positiva nos módulos profesionais asociados ás unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no período de formación en centros de traballo correspondente.

44

IV. CRITERIOS DE TITULACIÓN Crterios de titulación en ESO

Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das

competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 7.2 desta orde, e tendo en conta os criterios de titulación.

Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados.

Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.

- Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

O título de graduado en educación secundaria obrigatoria será único e expedirase sen cualificación.

As alumnas e os alumnos recibirán, ao concluíren a súa escolarización na educación secundaria obrigatoria, unha certificación oficial en que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias da etapa.

O alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta así mesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superase, de acordo cocurrículo establecido e coa organización e instrucións que dispoña a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

Crterios de titulación en bacharelato

O título de bacharel acredita o logro dos obxectivos establecidos para a etapa e a adquisición das competencias correspondentes.

Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

- Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.
- Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.

Considerarase inasistencia continuada condo un alumno/a se ausente, de xeito inxustificado, máis dun 10 % da carga horaria da materia ao longo do curso.

45

- Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación,

incluídas as da convocatoria extraordinaria.

d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerárase a nota numérica obtida na materia non superada.

¿ O título de bacharel será único e expedirse con expresión da modalidade cursada e da nota media obtida, que se obterá calculando a media aritmética das cualificacións de todas as materias cursadas, expresada nunha escala de 0 a 10 con dous decimais, redondeada á centésima.

Para os efectos do cálculo da nota media para o alumnado que cambia de modalidade ou de materia en segundo curso, só se terán en conta as cualificacións das materias cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata.

Criterios de titulación en Ciclos Formativos

A superación dun ciclo formativo requirirá a avaliación positiva en todos e cada un dos módulos profesionais que o compoñen.

O alumnado que non supere na súa totalidade as ensinanzas do ciclo formativo recibirá un certificado académico dos módulos profesionais superados, que terá efectos de acreditación parcial acumulable das competencias profesionais adquiridas.

A nota final do ciclo formativo será a media aritmética das cualificacións numéricas obtidas en cada un dos módulos, expresada con dous decimais. Os módulos profesionais validados ou exentos non se computarán para os efectos do cálculo da cualificación final do ciclo formativo.

Titulación, certificación e acreditación na formación profesional básica

Para a obtención do título profesional básico cumprirá superar todos os módulos.

O título profesional básico terá valor académico e profesional e permitirá o acceso aos ciclos formativos de grao medio.

A superación da totalidade dos módulos incluídos nun ciclo de formación profesional básica conducirá á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

Os alumnos e as alumnas que finalicen os seus estudos sen obter o título profesional básico recibirán a certificación académica dos módulos profesionais superados, que terá efectos académicos e de acreditación parcial acumulable das competencias profesionais adquiridas en relación co Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.

O título profesional básico terá os mesmos efectos laborais que o título de graduado en educación secundaria obrigatoria para o acceso a empregos públicos e privados.

Os títulos profesionais básicos non constitúen unha regulación do exercicio de profesión regulada ningunha.

No caso de que o perfil profesional inclúa a posibilidade de desempeñar profesións reguladas ou exixencias específicas para unha ocupación concreta, recolleranse, como información complementaria en cada título de formación profesional básica, sen menoscabo do disposto no punto anterior.

A formación conducente á obtención dos títulos profesionais básicos capacitará para levar a cabo as funcións de nivel básico de prevención de riscos laborais recollidas no artigo 35 do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de

Prevención, e na normativa vixente en materia de prevención de riscos. Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.

-Á maiores do que recolle a lexislación incorporamos os seguintes items para a titulación da ESO:

- Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.
- Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
- Que a suma dos períodos lectivos semanais das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

CONCRECIÓN DA MATRÍCULA DE HONRA ESO/BACH/FP/ESO

1. As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a men-ción de matrícula de honra. A devandita mención poderá

concederse, como máximo, a un de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

No caso de empate ou no caso de haber máis alumnas/os que matrículas se poidan conceder, aplicaranse os seguintes criterios de adxudicación:

En 4º de ESO:

1. Utilizar a nota media de 4º da ESO
 2. Utilizar a nota media de 3º da ESO
 3. Utilizar a nota media de 2º da ESO
 4. Utilizar a nota media de 1º da ESO
 5. Por sorteo BACHARELATO:
1. O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha nota media do segundo curso

igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no segundo curso de bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha distinción de matrícula de honra.

2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

3. No caso de empate ou no caso de haber máis alumnas/os que matrículas se poidan conceder, aplicaranse os seguintes criterios de adxudicación:

1. Utilizar a nota media da Etapa de Bacharelato
2. Ter en conta o número de materias cualificadas con 10 en 2º de Bacharelato
3. Ter en conta o número de materias cualificadas con 10 en 1º de Bacharelato
4. Sorteo

CICLOS FORMATIVOS

Segundo a Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021/22, no punto vixésimo segundo se indica: ¿Consonte ao establecido no artigo 26.4 da Orde do 12 de xullo de 2011, os alumnos e alumnas que obteñan unha nota final do ciclo formativo igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación do alumno ou da alumna.¿

O criterio para obter a matrícula de honra en caso de ter varios casos de alumnado con cualificación superior a nove será a maior nota final do ciclo contando ata 2 cifras decimais.

En caso de empate, seguiranse os seguintes criterios por orde de aplicación. a) Maior nota media en 2º curso do ciclo formativo

b) Maior nota media en 1º curso do ciclo formativo

c) Maior número de módulos cualificados con 10 no 2º curso do ciclo

I) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

1. As programacións didácticas deberán estar rematadas ante do comezo das clases.
2. Para a ESO e o bacharelato, a lexislación vixente establece que os departamentos didácticos dos centros docentes desenvolverán o currículo establecido mediante a programación didáctica de cada materia de cada curso que teña encomendados. Esta programación é o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado integrante de cada departamento.
Cada un dos departamentos didácticos deberá elaborar a programación de cada unha das materias ou ámbitos que teña asignados. A xefatura de cada departamento deberá coordinar e responsabilizarse da súa redacción final.

Os Xefes/as de Departamento entregarán as programacións e/ou as correspondentes modificacións en formato electrónico antes do comezo das actividades lectivas de cada curso escolar ou, no seu caso, dentro do prazo acordado, se fose distinto.

Este curso 2023-24 incorpórase a Aplicación Proens para todos os cursos

O cambio de profesorado non debe implicar unha nova programación, senón que todo profesor/a que se incorpore a un departamento debe adaptarse á programación vixente.

O profesorado informará ao alumnado das programacións docentes da súa materia ou ámbito. Esta información básica incluírá os estándares mínimos avaliábeis e os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e cualificación.

Así mesmo, as programacións estarán a disposición das familias na Páxina Web do centro.

As programacións didácticas, dos cursos pares, incluírán en cada materia, polo menos, os seguintes elementos:

- a) Introducción e contextualización
- b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.
(Neste apartado cada departamento deberá detallar as porcentaxes coas que as súas materias contribúen á nota final de cada competencia para cada curso, de acordo co aprobado pola CCP e o claustro. Tamén se poden incluír as rúbricas aprobadas para avaliar os estándares transversais asociados á CAA, CSC, CD e CCEC).
- c) Concreción dos obxectivos para o curso.
- d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábeis de:
 - 1º. Temporalización
 - 2º. Grao mínimo de consecución para superar a materia
 - 3º. Procedementos e instrumentos de avaliación
- e) Concrecións metodolóxicas que require a materia.
- f) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.
- g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.
- h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.
(Para este apartado recoméndase empregar as táboas de avaliación que se proporcionaron na CCP coa intención de traballar cun modelo común para todos os departamentos.)
- i) Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes. (Deberán seguir as pautas e criterios comúns aprobados pola CCP.)
- j) Procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.
- k) Avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.
- l) Medidas de atención á diversidade.
- m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso.
(Incluíranse neste apartado as actividades programadas por cada departamento para traballar o tema transversal común que se acorde no claustro cada curso.)

- n) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.
- ñ) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.
- Por outra parte, se nalgún dos devanditos apartados a CCP acordase un modelo de programación común, deberá ser empregado por todos os departamentos.
3. Para a elaboración da programación didáctica dos Ciclos Formativos e da FP básica empregarase a aplicación informática existente no portal de fp: <https://www.edu.xunta.es/programacions>.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Os criterios de participación do centro en proxectos, plans e programas serán os seguintes:

- Que estén en consonancia coas liñas do centro recollidas no PE
- Que a súa participacións sexa consensuada e aprobada en CCP
- Que a súa participacións sexa aprobada en Conselloe Escolar
- Que o número de Departamentos implicados sexa suficiente como para desenvolver a súa participación nos mesmos de forma satisfactoria.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

A revisión, avaliación e modificación da concreción curricular do centro farase de forma anual pola CCP, Claustro e Conselloe Escolar.

o) Outros apartados

1. NON HAI MÁIS DATOS

Non hai máis datos que constatar